


3.2.- Política Común de Pesca



O estudo da política pesqueira da Unión Europea estrutúrase en dous apartados: en primeiro lugar descríbese a Política Común de Pesca actual; de seguido, analízase a reforma proposta para a mesma.

A Política Común de Pesca actual

O **Regulamento (CE) nº 1263/1999** do Consello de 21 de xuño de 1999, determina os obxectivos que deben cumprilas accións estruturais desenvolvidas no sector da pesca, a acuicultura e a transformación e comercialización dos seus produtos. Estes obxectivos a alcanzar son os seguintes:

- Contribuír a alcanzar un equilibrio duradeiro entre os recursos da pesca e a súa explotación.

- Incrementa-la competitividade das estruturas de explotación e o desenvolvemento de empresas economicamente viables no sector.

- Mellora-lo abastecemento e revaloriza-los produtos da pesca e da acuicultura.

- Contribuír á revitalización das zonas que dependen da pesca e da acuicultura.

As accións desenvolvidas con participación financeira do Instrumento Financeiro de Orientación Pesqueira (IFOP) no obxectivo 1 dos Fondos Estructurais enmarcarase na programación de dito obxectivo 1. As medidas que se apliquen ca axuda do IFOP fora do obxectivo 1, estarán suxeitas a un documento único de programación de cada un dos Estados membros afectados.

Estas medidas, incluíran toda-las medidas estruturais do sector nos seguintes ámbitos:

- Renovación da flota e modernización dos buques.

- Axuste do esforzo pesqueiro.
- Sociedades mixtas.
- Pesca costeira artesanal.
- Medidas socioeconómicas.
- Protección dos recursos pesqueiros das augas mariñas costeiras.
- Acuicultura.
- Equipamento dos portos pequenos.
- Transformación e comercialización de produtos de pesca e de acuicultura.
- Promoción e busca de novas saídas comerciais.
- Accións realizadas polos profesionais.
- Paralización temporal das actividades e outras compensacións financeiras.
- Accións innovadoras e asistencia técnica.

Ademais, o IFOP participará no financiamento de :

- Accións innovadoras, particularmente os proxectos de carácter transnacional e de interconexión de axentes do sector e de zonas dependentes da pesca e da acuicultura.
- Medidas de asistencia técnica.

O **Regulamento (CE) nº 2792/1999** do Consello de 17 de decembro, define as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca.

Este Regulamento constitúe un marco para o conxunto das intervencións estruturais no sector pesqueiro, con vistas a lograr os obxectivos antes sinalados, e os obxectivos da política pesqueira, en especial a conservación e explotación sostible a longo prazo dos recursos.

A política estrutural no sector pesqueiro ten como obxectivo orientar e facilita-la súa reestruturación. Esta comprende accións e medidas de efecto duradeiro.

Neste senso, o Consello establecerá os obxectivos e medidas de reestruturación dos sector pesqueiro. Sobre a base desta Decisión do Consello, a Comisión adoptará os programas de

orientación plurianuais que cada Estado membro.

A Decisión da Comisión fixará un conxunto de obxectivos, xunto coa relación de medidas necesarias para a súa realización, que permitan xestionar os esforzos pesqueiros cunha perspectiva de conxunto a longo prazo.

A aplicación dos programas de orientación plurianuais para as flotas pesqueiras será para toda-las medidas estruturais ás que se orientan as axudas IFOP.

No que respecta á protección e desenvolvemento dos recursos acuáticos, acuicultura, equipamento dos portos pesqueiros, transformación e comercialización e pesca interior, os Estados membros poderá adoptar medidas para fomentar os investimentos materiais nos seguintes ámbitos:

- Elementos fixos ou móbiles destinados á protección e ó desenvolvemento dos recursos acuáticos, coa excepción da repoboación.
- Acuicultura.
- Equipamento dos portos pesqueiros.
- Transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Pesca interior.

Só se poderá conceder axuda financeira do IFOP ós proxectos que:

- Contribúan ó efecto económico duradeiro da mellora estrutural buscada.
- Ofrezan unha garantía suficiente da viabilidade técnica e económica.
- Eviten os esforzos pesqueiros, en particular o perigo de creación de capacidades de produción excedentarias.

Como outras medidas destácanse as seguintes:


- Promoción e busca de novas saídas comerciais.
- Fomento de accións realizadas polos profesionais.
- Paralización temporal das actividades e

3.3.

Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP): programa operativo de Galicia 2000-06

Eixe/Medida	Denominación eixe/medida	Denominación O. Eixe	Axuda comunitaria 2000/08			Cofinanciación nacional				Coste elegible total	
			(en euros)	(%)		Pública/Xunta	Pública/AGE	Pública/Total	Privada	(en euros)	(%)
1.	Axuste do esforzo pesqueiro		17.703.286,35			2.950.547,73	2.950.547,73	5.901.095,46	-	23.604.381,81	
	1.1 Desapezamentos	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	15.449.490,95	75,0		2.574.915,16	12,5	5.149.830,32	25,0	20.599.321,27	100
	1.2 Exportacións / outros fins	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	2.253.795,40	75,0		375.632,57	12,5	751.265,14	25,0	3.005.060,54	100
1.3	Sociedades mixtas		-	-		-	-	-	-	-	-
2.	Renovación e modernización de flotas pesqueiras		189.286.216,42			13.482.059,79	13.482.059,79	26.964.119,58	323.032.148,14	539.282.484,14	
	2.1 Construción de novos buques	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	151.988.487,04	35,0		10.856.316,04	2,5	21.712.632,08	5,0	434.252.764,09	100
	2.2 Moderniz. De buques existentes	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	37.297.729,38	35,0		2.625.743,75	2,5	5.251.487,50	5,0	105.029.720,05	100
3.	Desenvol. e moderniz. do tecido product. e distrib.		232.171.252,39			47.342.372,56	47.342.372,56	94.684.745,12	325.481.434,74	652.337.432,25	
	3.1 Protección e desenvolvemento de recursos pesqueiros en ZMC		-	-		-	-	-	-	-	-
	3.2 Acuicultura	D.X. de Recursos Marítimos	61.873.204,48	35,0		13.258.543,39	7,5	26.517.086,78	15,0	176.780.588,52	100
3.3	Equipamento de portos	Secretaría Pesca e D.X. Estruct. Pesqueiras e Mercados	25.326.950,58	40,0		3.165.867,32	5,0	6.331.734,64	10,0	63.317.370,45	100
	3.4 Transform. e comercialización de produtos de pesca		-	-		-	-	-	-	-	-
	3.4.1 Transform. e comercialización de produtos de pesca	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	97.248.578,61	35,0		20.838.982,85	7,5	41.677.965,70	15,0	277.853.082,60	100
3.4.2 Comercialización	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	47.722.518,72	35,9		10.078.979,00	7,5	20.157.958,00	15,0	134.386.390,68	100	
4.	Outras medidas		80.622.726,68			17.398.896,74	17.398.896,74	25.030.697,69	1.382.279,76	107.035.704,13	
	4.1 Pesca costeira artesanal	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	14.579.183,35	75,0		2.429.863,89	12,5	4.859.727,78	25,0	19.438.911,13	100
	4.2 Medidas socioeconómicas	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	5.205.850,34	75,0		867.808,39	12,5	1.735.616,78	25,0	6.942.467,12	100
4.3	Promoción e busca de novas saídas	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	18.490.155,42	76,4		4.560.245,45	18,9	4.560.245,45	18,9	24.192.275,79	100
4.4	Accións dos profesionais	D.X. de Form. Pesqueira e Invest. D.X. de Rec. Marítimos e D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	24.472.191,17	75,0		4.078.698,53	12,5	8.157.397,06	25,0	32.629.588,23	100
	4.5 Paralizacións temporais	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	15.620.551,01	75,0		5.206.850,34	25,0	5.206.850,34	25,0	20.827.401,35	100
	4.6 Accións innovadoras	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	2.253.795,39	75,0		255.430,14	8,5	510.860,28	17,0	3.005.060,51	100
5.	Asistencia técnica	D.X. de Form. Pesqueira e Invest. D.X. de Rec. Marítimos e D.X. de Estruct. E	901.518,16			300.506,05		300.506,05	-	1.202.024,21	
	5.1 Estudos	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	901.518,16	75,0		300.506,05	-	300.506,05	25,0	1.202.024,21	100
	5.2 Publicidade	Inform. para a avaliación, seguimento e	-	-		-	-	-	-	-	-
5.3	outras accións	D. X.de Estruct. Pesqueiras e Mercados	-	-		-	-	-	-	-	-
Total			520.685.000,00		81.474.382,87	71.406.781,03	152.881.163,90	649.895.862,64		1.323.482.026,54	

Fonte: Xunta de Galicia, Guía didáctica dos Fondos Comunitarios Europeos 2000-2006



outras compensacións financeiras.

- Medidas innovadoras e de asistencia técnica.

O Programa Operativo do IFOP 2000-2006 ten carácter plurirexional e, polo tanto, hai un único programa para todo o Estado Español. Sen embargo, existe un Acordo Concertado sobre a rexionalización do seu financiamento que figura no **cadro 3.3.** para o caso da Comunidade Autónoma de Galicia.

A reforma da política común de pesca

O primeiro obxectivo da Política Común de Pesca (PCP) foi o de consolidar á UE como parte contratante nas diferentes pesquerías.

A continuación expónse un resumo das comunicacións nas que se basea a reforma da PCP:

1.- Comunicación da Comisión. Plan de actuación comunitario para erradicar a pesca ilegal, incontrolada e non regulamentada.

A.- Actuacións comunitarias:

a) Control dos nacionais polos Estados.- O obxectivo é disuadir os nacionais dos Estados membros da Comunidade de que sometan ós seus buques á xurisdicción dun Estado que non cumpre as súas obrigas e que cometan infraccións baixo esta xurisdicción.

Os medios para levar a cabo este control son a incorporación dun artigo específico de control que estableza as obrigas dos Estados membros respecto ós seus nacionais e a incorporación á normativa comunitaria da prohibición de utilizar autorizacións de pesca comunitarias para fretar buques dos que se saiba que practican pesca ilegal, incontrolada ou non regulamentada.

b) Establecemento de procedementos encamiñados a aplicar disposicións autorizadas a escala internacional sobre a sostenibilidade dos recursos pesqueiros: O obxectivo é dar forza a

distintos textos autorizados a escala internacional relativos á xestión sostible dos recursos pesqueiros, utilizando instrumentos de política comercial. Os medios para conseguilo obxectivo serán a aprobación de normas comunitarias compatibles coas normas da OMC que prohiban o comercio de produtos da pesca capturados infrinxindo acordos internacionais sobre a pesca responsable ou a xestión sostible dos recursos pesqueiros.

c) Control das actividades asociadas á pesca ilegal, incontrolada ou non regulamentada: O obxectivo é garantir que os importadores, transbordadores, compradores, consumidores, provedores de material, bancos, aseguradores e outros prestadores de servizos non manteñan relacións comerciais con buques dos que se saiba que practican a pesca ilegal, incontrolada e non regulamentada. Os medios para conseguilo será a incorporación dunha disposición no regulamento de control en virtude da que o comercio de pescado ou produtos derivados da pesca ilegal, incontrolada e non regulamentada constitúa unha infracción.

d) Concienciación do sector da pesca, consumidores e do público sobre a necesidade de loitar contra a pesca ilegal, incontrolada e non regulamentada: O obxectivo é garantir que o conxunto do sector da pesca así como os consumidores e o público en xeral están informados dos efectos negativos da pesca ilegal, a través da organización de actividades de información e concienciación.

B.- Actuacións das organizacións rexionais de pesca:

a) Establecemento de programas de control e inspección en cada organización rexional de pesca.

b) Regulamentación de determinadas actividades pesqueiras en alta mar.

c) Identificación e seguimento do buques que practican a pesca ilegal, incontrolada e non regulamentada.

d) Promoción de plans de actuación harmo-

nizados destinados a reduci-la pesca ilegal.

e) Identificación e cuantificación das capturas ilegais.

f) Certificación e documentación.

C.- Actuacións internacionais:

a) Mellora da información sobre a situación dos buques pesqueiros: Envío de información pertinente dos ficheiros da flota comunitaria á FAO con carácter voluntario en espera da entrada en vigor do Acordo da FAO de 1993.

b) Intensificación da cooperación internacional: Participación da Comunidade Europea e dos seus Estados membros na rede de axencias de control proposta por Chile e polos Estados Unidos de América.

c) Definición do vínculo substancial entre Estado e Buque: Iniciativa diplomática comunitaria para celebrar unha conferencia internacional co fin de negociar un acordo internacional no que se establezan as condicións de aplicación do artigo 91 da Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar respecto ós buques pesqueiros.

d) Definición dos dereitos e obrigas do Estado do porto: Iniciativa diplomática comunitaria para celebrar unha conferencia internacional co fin de negociar un acordo internacional que estableza os dereitos e obrigas dos Estados do porto para o acceso dos buques pesqueiros ás instalacións portuarias.

D.- Actuacións en cooperación con países en desenvolvemento:

Axuda ós países en desenvolvemento para loitar contra a pesca ilegal: En virtude da cooperación cos países en desenvolvemento, será adecuado por en marcha unha asistencia técnica e financeira nos ámbitos do seguimento, o control e a vixilancia das actividades pesqueiras nas condicións que deberán establecerse caso por caso. Os diversos acordos de pesca con terceiros países asinados no marco da U.E expóñense no **anexo A.4**.

2.- Comunicación da Comisión sobre a reforma da política pesqueira común (Guía)

A primeira deficiencia da política común de pesca (PCP) é o alarmante estado de numerosas poboacións de peixes, que están fóra dos límites biolóxicos de seguridade. Ó mesmo tempo, a capacidade pesqueira das flotas comunitarias supera con moito a necesaria para explotalos recursos pesqueiros existentes de xeito sostible

Ademais dos recursos minguentes e do exceso de capacidade da flota, a maior parte do sector comunitario da pesca enfróntase á fraxilidade económica, a unha rendibilidade financeira escasa e a un emprego que se reduce de maneira continuada.

En xaneiro de 2002, o Parlamento Europeo aprobou unha resolución na que reclama *“unha política de pesca baseada nunha xestión racional e responsable dos recursos, cun fundamento de protección das poboacións de peixes e de mantemento das formas de vida das persoas que dependen tradicionalmente do mar e que salvagarde o principio fundamental que se deriva deste obxectivo, en particular a estabilidade relativa, esta política ten que facilitar un réxime xusto e equitativo para o reparto dos recursos pesqueiros, adaptando ás necesidades específicas das zonas dependentes da pesca, e ser imparcial, estable, aplicable e estar baixo o control comunitario.”*

A reforma debe desembocar nunha nova PCP, capaz de ofrecer un desenvolvemento sostible dende o punto de vista medioambiental, económico e social. Este obxectivo alcanzarase con medidas encamiñadas a conseguilo seguinte:

- Unhas actividades pesqueiras e acuícolas responsables e sostibles, que contribúan a lograr uns ecosistemas mariños sas.

- Un sector industrial da pesca e a acuicultura economicamente viable e competitivo que beneficie ó consumidor.

- Un nivel de vida xusto para quenes dependen das actividades pesqueiras.

O fin de que a nova PCP funcione eficaz-

mente é fundamental que os principios de boa gobernanza se incorporen a ela. Así pois, a nova PCP debe estar encamiñada a garantir o seguinte:

- Apertura e transparencia, en particular mellorando a calidade e transparencia da información científica en función da que se toman as decisións políticas.
- Participación, mediante unha maior intervención dos interesados, dende a concepción da política ata a súa aplicación, incluso a escala local e rexional.
- Responsabilidade, mediante unha definición máis clara dos cometidos e escala europea, nacional e local.
- Eficacia, mediante procesos de toma de decisións, dos que os resultados se avalíen, contrasten e cumpran correctamente.
- Coherencia coas demais políticas comunitarias, en concreto as de medio ambiente e desenvolvemento, mediante un deseño intersectorial.

Reformas:

1. Conservación dos recursos e xestión da pesca.

Unha prioridade clara da política pesqueira común é conseguir unha conservación e xestión máis eficaces dos recursos pesqueiros.

Os obxectivos do novo deseño da Comisión para a xestión da pesca son os seguintes:

- Centra-la xestión nun deseño a máis longo prazo para garantir unha pesca sostible con rendementos elevados.
- Xestiona-lo esforzo pesqueiro de acordo coas posibilidades de capturas sostibles, o que esixirá unha redución inmediata e considerable do esforzo pesqueiro.
- Incorpora-las cuestións medioambientais na xestión pesqueira, en particular contribuíndo á protección da biodiversidade.
- Tender a un deseño para a xestión pesqueira baseado nos ecosistemas.
- Face-lo mellor uso posible dos recursos capturados e evita-lo soborde.
- Apoia-lo abastecemento de información científica de gran calidade.

Para logra-los citados obxectivos a Comisión propón o seguinte:

- Un novo marco plurianual para a conservación dos recursos e a xestión da pesca.
- Intensificación das medidas técnicas.
- Pesca industrial: a pesca que teña por obxecto a transformación das capturas en fariñas, deberá dirixirse a aqueles peixes que carecen de mercado para o consumo humano dereito.
- Xestión da pesca no mar Mediterráneo.
- Incorpora-las cuestións medioambientais na xestión da pesca.
- Plan de actuación para a mellora da información científica para a xestión da pesca.

2. Repercusións da política de conservación na flota pesqueira.

A limitación do esforzo pesqueiro é unha parte fundamental dos plans de xestión plurianuais, e pouco a pouco converterase no instrumento de xestión fundamental da pesca mixta. En xeral, requirirá unha redución da actividade da flota existente.

A redución da capacidade pesqueira como resposta á limitación do esforzo pesqueiro incumbirá ós Estados membros. A función da política comunitaria relativa á flota consistirá, pois, na creación dun entorno que fomenta esta redución da capacidade.

O exceso de capacidade da flota pesqueira reduce as posibilidades coas que conta cada buque para seguir sendo rendible, o que a súa vez reduce as posibilidades de costea-la modernización necesaria para seren competitivo. O primeiro paso fundamental para mellora-los resultados económicos é reducir globalmente o índice de capital empregado no sector das capturas.

As axudas públicas ó investimento na flota pesqueira son contrarias a este obxectivo xa que fomentan unha oferta excesiva de capital reducindo artificialmente os custos e resgos do investimento. Cada buque pesqueiro subvencionado reduce a produtividade e rendibilidade dos demais buques da pesquería da que se trate, distorsionando a concorrência.

A Comisión propón as medidas seguintes:

- Novas normas sobre a concesión de axudas á flota:

- Restricción das axudas para a modernización, renovación e exportación de buques pesqueiros. Tendo en conta a necesidade de reduci-lo esforzo pesqueiro, o emprego de axudas públicas para a construción de buques novos ou para que os xa existentes resulten máis eficaces, pode ser contraproducente e xa non pode xustificarse.

- Medidas especiais para os buques ós que se apliquen plans de xestión plurianuais.

- Medidas para limita-la capacidade da flota: No futuro fixarase un límite máximo de capacidade pesqueira para as flotas nacionais, co fin de evita-la expansión das flotas pesqueiras e garantir que os Estados membros cumplan as obrigas que lles competan en virtude do POP IV. Fixaranse novos “niveis de referencia” da flota, baseados nos obxectivos finais do POP IV. Toda nova entrada deberá ir acompañada da ó menos unha retirada equivalente de capacidade.

3. Acceso ás augas e ós recursos:

A Comisión propón mante-lo réxime actual aplicable á zona comprendida entre 6 e 12 millas. Respecto as augas comunitarias máis alá da zona de 6 a 12 millas, propónse determinar antes do final do 2003, os acordos sobre o acceso que corresponden a necesidades de conservación xenuínas e suprimi-lo demais, e completa-lo marco actual de acceso pesqueiro regulamentando tódalas poboacións pertinentes en augas comunitarias.

As posibilidades de pesca distribuíranse entre os Estados membros de acordo co principio de “estabilidade relativa”.

4. Control e observancia:

A Comisión propón un novo marco normativo para o control e a observancia e presentará un plan de actuación para a cooperación entre autoridades nacionais.

- Un novo marco normativo para o control e a observancia: Este marco debe responder á necesidade de simplifica-las disposicións vixen-

tes e de mellora-la observancia das normas da política pesqueira común. A Comisión propón:

- a) Unha definición clara das competencias sobre control e observancia.

- b) As condicións básicas para emprender actividades relacionadas coa explotación de poboacións de peixes.

- c) Normas uniformes para asegura-la observancia da política pesqueira común.

- d) Un marco comunitario de cooperación e coordinación entre as autoridades nacionais encargadas do control e da observancia e un informe comunitario de inspección pesqueira.

- e) Unha definición clara da función da Comisión.

- f) Normas que permitan que os tribunais nacionais acepten os informes de inspección redactados polos inspectores comunitarios ou os de outro Estado membro.

- Compensación e sancións: Entre as medidas propostas co fin de aumenta-la eficacia do novo marco para o control e a observancia inclúense as seguintes:

- a) Cando un Estado membro incumpra as normas da política pesqueira común, decisións da Comisión sobre compensación polas perdas de recursos comúns, en particular, en forma de dedución da cota dos Estados membros ou, cando sexa posible, unha compensación financeira equivalente

- b) Implantación de normas para a suspensión, por parte das autoridades competentes, dos permisos ou licencias concedidos ós buques pesqueiros comunitarios, como medida preventiva, en caso de que eses buques cometeran infraccións graves.

- Plan de actuación para a cooperación co fin de garanti-la observancia.

O plan de actuación incluírá unha serie de medidas que aplicarán conxuntamente as autoridades competentes dos Estados membros e a Comisión, coas que se fomentará a coordinación e cooperación entre as autoridades encargadas do control da pesca e se contribuirá á creación dunha cultura de control e de observancia comunitaria.

- Estructura común de inspección pesqueira.

A Comisión ten intención de propor a creación, antes de mediados de 2004, dunha estrutura común de inspección a escala comunitaria que agrupará os medios nacionais de inspección e vixilancia dedicados á pesca e a outras actividades, xestionándoos dentro dun marco comunitario. A creación desta estrutura común non modificará a distribución das competencias sobre control e observancia da pesca entre Comunidade e Estados membros.

- Medidas de aplicación.

As disposicións técnicas seguintes incluíranse nas medidas de aplicación:

- a) Ampliación do sistema de localización de buques por satélite (SLB).
- b) Normas sobre SLB máis estritas.
- c) Marco para a difusión de observadores a bordo dos buques pesqueiros.
- d) Implantación progresiva dos cadernos diarios de pesca electrónicos, vinculada ó SLB.

5. Pesca internacional:

As actuacións comunitarias neste ámbito deberá estar encamiñadas a fomentar e potencia-la cooperación internacional e garantir unha pesca sostible e responsable fora das augas comunitarias adquirindo os mesmos compromisos que os adquiridos nas súas augas.

Estas actuacións levaranse a cabo ó amparo dunha estratexia para a pesca europea de grande altura que a Comisión deberá propor e que constará do seguinte:

- Un plan de actuación para erradicar a pesca ilegal, incontrolada e non regulamentada.
- Un plan de actuación para mellorar, a escala rexional e subrexional, a avaliación das poboacións ás que poden acceder os pescadores da Comunidade fora das augas comunitarias.
- Un marco integrado de cooperación a escala nacional e rexional.
- Crear, nas organizacións pesqueiras rexionais, novas alianzas estratéxicas, en particular cos países costeiros en desenvolvemento.

6. Acuicultura:

A función da comunidade é proporcionar as mellores condicións posibles para logralo desen-

vovemento sostible da acuicultura europea, o que implica primordialmente apoiar a investigación e a elaboración dunhas normas medioambientais e sanitarias apropiadas. A Comisión propón unha estratexia encamiñada a asegurar que o consumidor dispoña de produtos saos, a promover unha industria ambientalmente sa, e a crear emprego en zonas dependentes da pesca.

7. A dimensión social da política pesqueira común:

Aínda que os axustes estruturais facilitarán a sostenibilidade medioambiental, económica e social da pesca a longo prazo, tamén producirá efectos a curto prazo no sector pesqueiro e na economía de diversas zonas costeiras dependentes da pesca. Así pois a mobilización dos fondos públicos será precisa non só para acelerar o despece dos buques pesqueiros innecesarios, senón tamén para solucionar os problemas sociais que pode causar esta medida.

- Efectos socioeconómicos dos réximes de limitación do esforzo pesqueiro: Nesta fase é moi difícil cuantificar os efectos que poidan ter sobre o emprego rexional os réximes de limitación do esforzo pesqueiro. A Comisión prevé que estas medidas poidan afectar en torno ó 11% do emprego total no mar.

- Unha nova estratexia para resolver o reaxuste estrutural: Para levar a cabo o reaxuste estrutural necesario trala redución das posibilidades de emprego no sector da pesca como consecuencia do compromiso coa pesca sostible e para mellorar as condicións de vida e traballo no sector da pesca, a Comisión ten a intención de adoptar unha estratexia que inclúa a celebración de consultas bilaterais nas que se baseará a elaboración dun plan de actuación, programar de novo os Fondos estruturais, elaborar unha estratexia a longo prazo de desenvolvemento integrado das zonas costeiras dependentes da pesca, potencia-lo diálogo sectorial e avaliar as condicións laborais e de seguridade na pesca e na transformación pesqueira.

8. Xestión económica da pesca na Unión:

Ó longo do 2002 a Comisión organizará seminarios sobre xestión económica para exami-

na-lo ámbito de aplicación dentro dos réximes comunitario ou nacionais de xestión da pesca, das disposicións sobre un réxime de dereitos de pesca negociables (individuais ou colectivos), e o pago polo dereito a pescar ou o abono dos custos da xestión da pesca por parte do sector pesqueiro.

9. Toma de decisións eficaz e participativa.

A Comisión propón:

- A creación de consellos consultivos rexionais de xestión pesqueira que aseguren unha maior participación dos interesados a escala rexional e local.
- Aclara-las competencias de xestión para satisfacer eficazmente as necesidades locais de xestión e facer fronte ás situacións de urxencia.
- Elaborar un código europeo de prácticas pesqueiras responsables, mediante a participación activa dos pescadores e doutras partes interesadas.
- Diálogo coas partes interesadas de terceiros países.
- Delegación de poderes e simplificación das normas.
- Medidas para promover a transparencia e a revisión paritaria.

10. Revisión:

A Comisión propón que os aspectos da política pesqueira común reformada que ten por obxecto a conservación da flota se revisen de novo en 2008.

3.- Proposta de Regulamento do Consello que modifica o Regulamento (CE) nº 2792/1999, polo que se definen as modalidades das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca

Con motivo da reforma da PCP é necesario modifica-lo Regulamento (CE) nº 2792/1999, de 17 de decembro de 1999 polas seguintes razóns:

- O citado Regulamento inclúe disposicións sobre a reestruturación da flota que deben ser coherentes coa proposta de Regulamento sobre a conservación e a explotación sostible dos recursos da pesca.
- Convén establecer disposicións axeitadas

para o período que comeza o 1 de xaneiro de 2003, aplicables ó réxime actual de axuste da capacidade pesqueira, que se nasa nos programas de orientación plurianuais (POP)

- A Comisión puxo de manifesto repetidamente as deficiencias dos POP e os problemas que introduce a súa aplicación.

As modificacións do Regulamento (CE) nº 2792/1999, son as seguintes:

- A renovación da flota debe producirse sen aumento do esforzo pesqueiro, nun entorno económico sa e sen axudas financeiras públicas, as axudas para moderniza-la flota só se permitirán se con elas mellora a seguridade, a hixiene, as condicións laborais, a calidade dos produtos, ou se melloran as pautas de pesca, sen que aumente o esforzo pesqueiro en ningún caso.
- Xa non se permitirán as axudas públicas para a exportación de buques a terceiros países nin a creación de empresas mixtas.
- As medidas de apoio á flota pesqueira artesanal non deben facer que aumente o esforzo pesqueiro.
- Proponse que ós beneficiarios das medidas de diversificación pesqueira se lles permita seguir practicando a pesca a tempo parcial, a condición de que reduzan o seu esforzo pesqueiro.

A proposta non terá repercusións financeiras nos compromisos orzamentarios xerais do IFOP.

4.- Comunicación da Comisión na que se expón un Plan de actuación comunitario para integra-las esixencias da protección do medio ambiente na política pesqueira común

O obxectivo deste plan de actuación é integrar na política pesqueira común (PPC) as esixencias da protección do medio ambiente establecendo principios rectores, medidas de xestión e un programa de traballo co fin de promover un desenvolvemento sostible.

As medidas de xestión que se adopten ó amparo da PPC para integra-las esixencias da protección medio ambiental deberían concede-la

máxima prioridade ó seguinte:

- No marco dos plan de xestión plurianuais, reduci-la presión pesqueira exercida nos caladoiros a uns niveis sostibles.

- Mellora-los métodos de pesca co fin de reduci-los descartes, as capturas accesorias, oo accidentes e os efectos nos hábitats.

- Elimina-las acudas públicas para a modernización ou renovación da flota pesqueira excepto as destinadas a mellora-la seguridade ou a calidade dos produtos, que con toda probabilidade non vaian a aumenta-la capacidade pesqueira.

Ademais, a PPC debería aborda-los seguintes asuntos:

- As medidas propostas no Plan de acción sobre a biodiversidade na pesca e que non se mencionan especificamente nesta Comunicación. Debería prestarse especial atención á elaboración de plans de xestión duradeiros para as poboacións de peixes máis importantes e vulnerables, a determinación de hábitats e biotopos clave, o establecemento de vedas e peche de zonas e a elaboración de directrices sobre as mellores prácticas de pesca.

- Medidas para estimular-las prácticas pesqueiras que revaloricen a integración medioambiental.

- A mellora da avaliación científica do estado das poboacións de peixes, tanto en augas comunitarias coma non comunitarias.

- A integración das cuestións sobre política medioambiental no sector da acuicultura.

- A adopción dunha estratexia comunitaria para a pesca de grande altura, que contribúa á pesca sostible fora das augas comunitarias, baseada nunha cooperación global e bilateral posta en práctica a escala nacional ou rexional

5.- Proposta de Regulamento do Consello sobre a conservación e a explotación sostible dos recursos pesqueiros en virtude da política de pesca común

Esta proposta substituirá ós Regulamentos (CEE) nº 3760/92 e (CEE) nº 101/76 do Consello.

Cap. I: Ámbito de aplicación e obxectivos.

A presente proposta céntrase na conserva-

ción das poboacións de peixes e na limitación dos efectos medioambientais das medidas asociadas á pesca encamiñadas a axusta-la capacidade pesqueira e controlar e facer cumpri-las normas da PPC; así mesmo, ten por obxecto os procedementos de toma de decisións e consulta.

Capítulo II: Conservación e sostenibilidade.

O factor principal que intervéñ na conservación e na explotación sostible dos recursos, e que pode controlarse mediante a xestión, é o índice de mortalidade por pesca.

Un segundo obxectivo da xestión é reducir ó mínimo os efectos das actividades pesqueiras nos ecosistemas mariños.

Estes obxectivos poden conseguirse de diversas maneiras: limitando as capturas, limitando o esforzo pesqueiro e con diversas medidas técnicas.

Ademais proponse que a Comunidade abandone a práctica anual de xestiona-la poboacións de peixes mediante decisións anuais. A Comisión propón que as poboacións de peixes se xestionen de forma estratéxica con carácter plurianual. Os plan de xestión plurianual debe incorporar obxectivos que teñan en conta a información científica en relación cos que poida avaliarse o estado das poboacións.

En relación ás medidas de urxencia e ás medidas nacionais dentro da zona de 12 millas propóñense tamén diversos cambios:

- A existencia dun procedemento mediante o que a Comisión poida decidir medidas urxentes.

- Proponse que se autorice ós estados membros para adoptar medidas non discriminatorias de conservación e xestión dentro da zona de 12 millas aplicables a tódolos buques que faenas na zona.

- Proponse que se autorice ós estados membros para adoptar medidas de urxencia aplicables a tódolos buques, sempre que unha ameaza grave non prevista se cerna sobre os recursos e que toda dilación produza danos difíciles de reparar.

Cap. III: Axuste da capacidade pesqueira.

Propóñense dous tipos de medidas novas que afectarán á estrutura da flota:

a) Medidas que afectan dereitamente ó tamaño da flota:

- A limitación do esforzo pesqueiro, fixada nos plan de xestión plurianuais, dará lugar a unha redución da capacidade da flota.

- A fixación de niveis de referencia para a flota.

b) Medidas financeiras complementarias:

- A restricción estrita das axudas públicas para investimentos en buques pesqueiros e a eliminación das axudas para o traspaso a terceiros países do exceso de capacidade comunitaria.

- A concesión ós estados membros de primas máis elevadas por desmantelamento, e a posibilidade de conseguir cofinanciación extracomunitaria para os buques máis afectados polos plans de xestión plurianuais.

Capítulo IV: Acceso ás augas e ós recursos.

A Comisión propón que as restriccións vixentes do dereito a pesar dentro do límite de 12 millas, deben manterse despois do 31 de decembro de 2002.

En tódalas demais augas comunitarias, a Comisión propón que os estados membros teñan igualdade de acceso ós recursos pesqueiros.

A Comisión propón que se manteña a distribución das posibilidades comunitarias de pesca entre os estados membros, baseada no principio do mantemento da estabilidade relativa da actividade pesqueira

Capítulo V: Réxime comunitario de control e observancia.

As normas aplicables á explotación das poboacións de peixes deben facerse cumprir de maneira eficaz.

Con este novo réxime preténdese garantir que o acceso ás poboacións de peixes e a explotación destas contrólase ó longo de toda a cadea pesqueira e que se fai cumprí-las normas da PPC, incluídas as políticas estrutural e de mercados.

A Comisión encargarse do seguimento de control e a observancia por parte dos estados

membros e de facilita-la coordinación e cooperación entre estes.

Os axentes económicos non poderán emprender actividades pesqueiras ou actividades asociadas a estas a menos que cumpran a súa obriga de facilitar información ó respecto.

Capítulo VI: Toma de decisións e consultas.

- A Comisión propón unha aplicación máis rápida das recomendacións internacionais utilizando o procedemento do comité de xestión.

- Proponse a creación de consellos consultivos rexionais para garantir unha maior participación dos interesados no fomento da xestión pesqueira a escala rexional e local.

- A Comisión propón que se amplíe o mandato do actual Comité científico, técnico e económico da pesca creando un Comité científico de pesca e agricultura que abarque o asesoramento sobre tódolos aspectos da xestión pesqueira.

6.- Proposta de Regulamento do Consello polo que se establece unha medida comunitaria urxente para o desmantelamento de buques pesqueiros

Un dos obxectivos clave da PPC é conseguir unha flota pesqueira cunha capacidade en consonancia cos recursos existentes. Unha das limitacións da política comunitaria no tocante ó exceso da capacidade foi que a provisión de fondos para o desmantelamento de buques fíxose exclusivamente a través dos Fondos Estructurais, o que non sempre permitiu destinar medios suficientes para o desmantelamento das flotas que teñen exceso de capacidade máis notable.

Coa presente medida urxente quérese ofrecer máis incentivos ós armadores de buques pesqueiros co fin de recortar urxentemente o exceso de capacidade utilizada naquelas pesquerías nas que as poboacións excederon os límites biolóxicos de seguridade e para as que se puxeron en marcha plans de xestión plurianuais.

A presente proposta permitirá que os estados membros ofrezan máis diñeiro ós armadores que se viran afectados pola redución do esforzo, para

que despecen os seus buques. A vixencia desta medida se limita ó período 2003-2006 co fin de animar ós armadores para que efectúen o desmantelamento con rapidez.

Co fin de proporcionar as novas primas por desmantelamento, a proposta inclúe dous elementos clave:

- En primeiro lugar, establece unha excepción ás normas IFOP vixentes para permitir un aumento do 20% do importe dos fondos para desmantelamento que os armadores poderán percibir en caso de verse moi afectados por un plan de xestión plurianual.

- En segundo lugar, prevé, para o ano 2003, un incentivo especial que proporcionará os Estados membros os fondos suplementarios necesarios para cofinanciar ese desmantelamento extra, ademais do orzamento comunitario do que se dispón xa mediante o IFOP.

Na actual programación do IFOP para o período 2000-2006 destinaranse un total de 663 millóns de euros para o desmantelamento. A Comisión calcula que o orzamento comunitario complementario necesario para o desmantelamento dos buques que con toda probabilidade se verán afectados gravemente polos plans de xestión plurianuais ascende a 271,6 millóns de euros.

7.- Comunicación da Comisión ó Consello e ó Parlamento Europeo sobre a Estratexia para o desenvolvemento sostible da acuicultura europea

A acuicultura na U.E componse, fundamentalmente, de tres subsectores principais:

- A cría de peixes de auga doce.
- A cría de moluscos de auga salgada.
- A cría de peixes de auga salgada.

Aínda que nas últimas dúas décadas se aprecia un desenvolvemento positivo da acuicultura, existen problemas a resolver, sobre todo no que respecta ós requisitos de protección da saúde, impacto ambiental e inestabilidade do mercado.

Neste senso, os retos que se perseguen son os seguintes:

- Fomenta-la viabilidade económica.
- Garanti-la seguridade alimentaria e a sanidade e benestar dos animais.
- Soluciona-los problemas medio ambientais.
- Impulsa-la investigación.

Os obxectivos a alcanzar son:

- Crear empregos seguros a longo prazo, especialmente nas zonas dependentes da pesca.
- Garantir que os consumidores poidan dispoñer de produtos sas, seguros e de boa calidade, así como fomenta-las normas estritas de sanidade e benestar animal.
- Asegura-lo cumprimento das normas medio ambientais por parte do sector.

As medidas propostas son:

a) En canto ó aumento da produción: Modifica-las prioridades da axuda pública concedida mediante o IFOP; Fomenta-la investigación en novas especies e variedades, así como en fontes alternativas e proteínas para a alimentación dos peixes; e crear definicións e normas comúns específicas para a acuicultura ecolóxica e respectuosa co medio ambiente.

b) En canto ós problemas de espazo: Desenvolver sistemas de circulación de auga en circuitos cerrados; e incorpora-los futuros avances da acuicultura nas estratexias e os plans de xestión integrados por zona.

c) En canto o mercado, comercialización e información: aumenta-la utilización das marcas de calidade oficiais; mellora-la imaxe da industria, desenvolver novos instrumentos para recompillar información estatística sobre produción e mercados, incrementa-la colaboración entre acuicultores.

d) En canto á formación: Adapta-los programas de formación ás necesidades da acuicultura; recoñece-lo papel das mulleres e recoñece-lo papel da acuicultura no desenvolvemento rural e inverte-la tendencia ó declive das comunidades costeiras.

e) En canto á gobernanza: Maior participación dos axentes interesados; maior recurso da industria á autorregulación e ós acordos voluntarios.

f) En canto á seguridade dos produtos da

acuicultura: Refundición da normativa comunitaria sobre hixiene alimentaria; disposicións relativas ós residuos de dioxinas e antibióticos; maior investigación e control sobre a proliferación de algas tóxicas; actualización e simplificación periódicas da normativa sobre a sanidade dos animais acuáticos e modificación da normativa sobre os alimentos veterinarios

g) En canto ó benestar animal: Iniciativas para mellora-lo benestar dos peixes de piscifactoría.

h) En canto ós aspectos medio ambientais: Atenua-lo impactos dos residuos; xestiona-la demanda de peixes salvaxes para engorde; desenvolver instrumentos para reduci-la incidencia dos transfugas, especies foráneas e OMG; prevención e control integrados da contaminación; criterios e directrices específicos para as avaliacións do impacto medio ambiental da acuicultura; recoñecer e integra-lo efecto positivo da acuicultura expansiva e da repoboación; encontrar solucións á depredación por parte de especies salvaxes protexidas.

i) En canto á investigación: Amplia-las posibilidades de financiamento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico e determina-las prioridades da investigación.

8.- Comunicación da Comisión ó Parlamento Europeo e ó Consello sobre o Plan de actuación para contrarresta-las consecuencias sociais, económicas e rexionais da reestruturación da industria pesqueira da Unión Europea

Esta Comunicación inclúe unha avaliación das probables repercusións socioeconómicas derivadas das limitacións do esforzo pesqueiro e das reducións do número de buques, en particular un exame do cálculo provisional dos postos de traballo perdidos; un exame de tódolos medios cos que contan os réximes de axuda comunitarios vixentes para mitigar estas repercusións, un exame xeral dos medios complementarios dos que podería dispoñerse a curto prazo mediante a reforma da PCP e a reprogramación dos Fondos Estructurais, e unha análise de novas opcións a longo prazo.

Dentro das repercusións económicas da

reforma da PCP, analízanse as repercusións dos programas de limitación do esforzo pesqueiro e as das modificacións da política de axudas á flota, acadando a conclusión de que o número de postos de traballo perdidos polo despece de buques pesqueiros podería oscilar entre 4.000 e 7.000 postos de traballo anuais.

As medidas existentes para a reestruturación do sector pesqueiro apóianse en:

- Axuda financeira do IFOP
- Accións emprendidas ó amparo dos demais Fondos Estructurais: FEDER, FSE e FEOGA.

Dentro das medidas complementarias existentes a curto prazo destacan:

- As propostas integradas na reforma da PCP.
- Reprogramación dos Fondos Europeos.

Outras disposicións a curto prazo son:

- Mellor sinerxía entre os Fondos Estructurais con vistas ó desenvolvemento socioeconómico das zonas dependentes da pesca.
- Medidas específicas dedicadas á pesca artesanal.
- Mellora da imaxe do sector.
- Mellora da función da muller.
- Mellor avaliación e seguimento da dependencia das poboacións costeiras con respecto ás actividades pesqueiras.
- Estratexia para apoia-lo desenvolvemento costeiro sostible.

Outros informes realizados sobre a reforma da PCP destacan repercusións e efectos socioeconómicos distintos. Neste senso pódense destacar a Declaración da Xunta de Galicia de 10 de xaneiro de 2002, sobre os principios da UE na futura Política Común de Pesca, declaración que se adxunta no **anexo A.3**.

Posteriormente, a Xunta de Galicia aportou á Mesa da Pesca, constituída polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o documento consensuado no Parlamento galego, que se expón integramente no **anexo A.4**.

Ademais de cuestiona-las modificacións que

se pretenden impoñer na política de estruturas e rexeita-lo despece como única medida para a protección dos recursos, o documento recorda que Galicia é a rexión europea que en maior medida depende da pesca, algo que recoñece a Comisión e que provoca que a comunidade permaneza discriminada en aspectos tan importantes como o reparto ponderado de cotas que impón a estabilidade relativa, en función da dependencia da pesca.■